



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de decembro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de decembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1012).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 13 de decembro e sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1013).- BASES E CONVOCATORIA DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI)” PARA O ANO 2025. EXPTE. 275925/301.

Visto o informe xurídico do 29/11/2024 e o informe de fiscalización do 16/12/2024, dáse conta do informe-proposta do 27/11/2024, asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe de Área, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, mediante Resolución de data 25.11.2024 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2025)», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. A finalidade deste Programa de subvencións directas de carácter social é apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

IV. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Base nº 38 e ccdtes. das de execución dos orzamentos municipais). O outorgamento destas axudas sociais realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional dos/as traballadores/as sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricta suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

xurídico definido pola normativa aplicable ás axudas públicas e as Bases de execución do orzamento xeral municipal.

V. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue:

«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».

Así as cousas, enténdese que estas axudas de emerxencia municipais participarían de natureza “asistencial” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico xeral de referencia.

VI. Polo demais, o contido deste Programa para 2025 é, coas debidas actualizacións, idéntico ó do presente exercicio de 2024.

VII. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación orzamentaria nº 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (1.300.000€ no proxecto de orzamentos/2025 aprobado inicialmente en sesión plenaria do 14.11.2024; BOPPO nº 225, do 19.11.2024) e tamén no funcional 2310 cóntase coa nº 780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000€), con cargo á que se concederán axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

VIII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

IX. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2025)», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 275925/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.300.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “*bono-taxi*” para o exercicio de 2025 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos/as funcionarios/as habilitados/as dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DO «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2025» E DAS AXUDAS DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (“BONO-TAXI”)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2025 e das axudas ó transporte para persoas con discapacidade, no marco xurídico definido na normativa reguladora aplicable e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas axudas sociais, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan para gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde, gastos persoais e de aloxamento terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas (RISGA, PNC, IMV, desemprego, outras prestacións) que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas. As destinadas ó transporte das persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte colectivo estarán condicionadas, en todo caso, o cumprimento dos requisitos específicos e das obrigas establecidas nestas Bases.

Durante o exercicio de 2024 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 1.243.162,95 € co seguinte detalle (datos a 31.10.2024).

IMPORTES	CONCEPTOS
678.891,84 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
410.084,86€	ALIMENTACIÓN BÁSICA
19.115,53€	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
5.535,84 €	GAS
20.015,64 €	LUZ
12.982,11 €	AUGA
2.880,88 €	GASTOS PERSOAIS
6.245,32 €	GASTOS DE FARMACIA
21.465,56 €	PRÓTESIS + AXUDAS TÉCNICAS
7.800,87 €	HIPOTECAS
36.138,14 €	MELLORAS DE HABITABILIDADE + ELIMINACIÓN BARREIRAS + EFICIENCIA ENERXÉTICA
4.881,36 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE
17.125,00€	BONO-TAXI

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social e mellorar a mobilidade urbana das persoas afectadas por graves discapacidades.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante ingreso directo ós respectivos provedores, arrendadores ou subministradores, mediante transferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben, de forma excepcional, mediante cheque bancario.

O aboamento das axudas de transporte ("*bono-taxi*") será efectuado a través dunha tarxeta prepagamento que se entregará a cada beneficiario/a. A súas normas de utilización figuran no modelo de solicitude (Anexo II.A).

CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionarse xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

As destinatarias das axudas de transporte ("*bono-taxi*") serán aquelas persoas con diversidade funcional que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización do transporte público colectivo. En todo caso, o Concello de Vigo poderá denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lles impide tamén o desprazamento en taxi.

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 ("*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*").

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 ("*Melloras en fogares*").

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

6.1. Os requisitos para acceder ás axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroado/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, IMV, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificadas as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia (que xa non teñen a natureza de “*subvencións públicas*”) e a situación de necesidade das persoas destinatarias, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

6.2. Os requisitos específicos para acceder ás axudas de transporte (“*bono-taxi*”) son:

a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses anterior á solicitude.

b) Ter catro (4) anos de idade cumpridos no momento da presentación da solicitude da axuda.

c) Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).

d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio, o que, en todo caso, será obxecto de comprobación de oficio.

e) Non dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (2024: IPREM = 600€/mes).

Para o cómputo dos recursos económicos terase en conta a renda *per cápita* da unidade familiar do/a solicitante.

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

a) Rendementos do traballo

b) Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario

c) Rendementos das actividades económicas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

d) Outros rendementos que consten na declaración.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

SÉTIMA.- Gastos e contías máximas.

1. Gastos susceptibles de axuda:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

6º.- Gastos de transporte ("*bono-taxi*") para as persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte público colectivo.

As axudas concedidas con cargo a este Programa para gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde, gastos persoais e de aloxamento, teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN- TOS/MES	MÁXIMO ALU- GUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	275€	420€	3.135€
2	385€	580€	3.630€
3	440€	630€	4.070€
4	495€	685€	4.400€
5	550€	735€	4.730€
6 ou máis	605€	790€	5.060€

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Estes límites poderán superarse en situacións excepcionais debidamente xustificadas.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 12.000 € por vivenda e ano.

3. Os importes das axudas para o transporte de persoas con discapacidade (“*bono-taxi*”) serán os seguintes:

CAPACIDADE ECONÓMICA	IMPORTE ANUAL DA AXUDA
Entre 0 e 800,00€	400,00 €
Entre 800,01€ e 1.100,00€	275,00 €
Entre 1.100,01€ e 1.500€	150,00 €

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola Xefa do Servizo (ou persoa en quen delegue) e dúas técnicas da Área de Benestar Social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial que corresponda (Anexo I / Anexo II). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial das Bases e a convocatoria no BOPPO e ata o 31 de decembro de 2025. Así mesmo publicaranse no taboleiro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

electrónico de anuncios e edictos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno”: <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. Exceptúanse desta obriga os pagamentos que se realicen directamente polo Concello ás persoas arrendadoras (alugueres), entidades bancarias (cotas hipotecarias) e compañías subministradoras (luz, auga, gas, etc.)

No caso das axudas de transporte (“bono-taxi”) as persoas beneficiarias deberán recoller a tarxeta prepagamento no prazo indicado nestas Bases.

DÉCIMA.- Solicitud e documentación das axudas de transporte (“bono-taxi”).

Estas axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade.

A solicitude implicará a autorización ó Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, ós efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

A solicitude, formulada segundo o modelo do Anexo II.A, irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) DNI do/a solicitante e, no seu caso, tamén do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do/a menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.

Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a axuda en anos anteriores non terán que presentala de novo.

- 3) Xustificación documental dos recursos económicos:

3.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:

- Certificado anual dos ingresos percibidos no último ano, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir (*).

Teranse en conta os ingresos anuais correspondentes o derradeiro exercicio do IRPF.

- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*).

(* Só no caso de que o/a solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

3.2) Se a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

(* Só no caso de que o/a solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

3.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa (*).

(* Só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4) Aceptación da cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas “bono-taxi”, segundo modelo Anexo II.B.

O Servizo de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

DÉCIMO PRIMEIRA.- Solicitude de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número ES90 2080 5000 6731 1024 2616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO SEGUNDA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación das axudas solicitadas.
4. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio que puidese afectar ás axudas solicitadas e, en especial, os de domicilio e teléfono de contacto e, de ser o caso, a identidade dos novos arrendadores, entidade financeira ou compañías subministradoras e dos datos necesarios para poder efectuarlles os ingresos directos que procedan (alugueres, cotas hipotecarias, subministracións).
5. Reintegrar o importe da axuda indebidamente percibida ou en contía indebida.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto, cando proceda.
8. No caso das axudas de transporte ("*bono-taxi*"), as persoas beneficiarias terán un prazo dun (1) mes para retirar a súa tarxeta desde o día seguinte ó da notificación da concesión. De non facelo nese prazo, a tarxeta anularase.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade e as demais actuacións previstas na normativa reguladora aplicable.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións

individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e a persoas con diversidade funcional non será obxecto de publicación a súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Con todo, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

DÉCIMO CUARTA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área Benestar Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe coa periodicidade necesaria, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO QUINTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

3(1014).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO Nº 174/2024, INTERPOSTO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA CONSISTORIAL E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 8173/252.

Sométese a aprobación a proposta de data 11/12/2024, asinada pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 186/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 174/2024, interposto interposto pola UTE NORTEX- NORINTEGRA contra a adxudicación da contratación dos servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, expediente 8173-252. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

1. Desestimar o recurso interposto pola UTE NORTEX- NORINTEGRA contra a adxudicación da contratación de servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, expediente 8173-252 dese Concello.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación para a continuación da tramitación do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1015).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV). EXPTE. 98018/332.

Visto o informe de fiscalización de data 12/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 11/12/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (98018-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e

desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (98018-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/10/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 08/10/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 75.087,76 euros (62.056,00 euros máis 13.031,76 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV)., con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 “Estudos e traballos técnicos”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 3.413,08 euros correspondentes ao ano 2024;*
- 18.771,94 euros correspondentes ao ano 2025;*
- 18.771,94 euros correspondentes ao ano 2026;*
- 18.771,94 euros correspondentes ao ano 2027;*
- e 15.358,86 euros correspondentes ao ano 2028.*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de decembro de 2024, de TALLER ABIERTO, S.L. porque tal e como se indica no informe, a licitadora incluíu na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliábeis mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.2.B) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, “A mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC.”

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (98018-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL	95,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, o día 4 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 5 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e a de ampliación do obxecto social, xunto coa escritura de nomeamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (13.140,36 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (13.140,36 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.

- Xustificante de ingreso da garantía esixida por un importe 3.080,00 € .

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, de data 28 de novembro de 2024, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 3 de decembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de TALLER ABIERTO, S.L. por incluír na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliados mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.2.B) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, “A mesa, en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC."

Segundo.- Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (98018-332) por un prezo total do contrato de 74.536,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.936,00 euros e coas seguintes condicións:

- a) *Comprométese a deseñar, realizar e valorar enquisas de satisfacción dos membros integrantes do CEMV sobre o funcionamento do órgano Colexiado*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1016).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLÚIDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN- LOTE 2. EXPTE.16270/445.

Visto o informe de fiscalización de data 11/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparación da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445) (Lote 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445) (Lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN (LOTE 1: CAMIÓN E MAQUINARIA E LOTE 2: MOTOCICLETAS) “.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 19 de xuño de 2024 e conformado polo Xefe da Área de Servizos xerais en data 20 de xuño de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 8 de xullo de 2024

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS MIL EUROS” (400.000,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 69.421,49 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:

		2024	2025	2026
LOTE Nº1	214.00.00	45.000,00 €	115.000,00 €	70.000,00 €
	221.11.00	10.000,00 €	25.000,00 €	15.000,00 €
LOTE Nº2	214.00.00	20.000,00 €	55.000,00 €	35.000,00 €
	221.11.00	2.000,00 €	5.000,00 €	3.000,00 €
	TOTAL	77.000,00 €	200.000,00 €	123.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 30 de setembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

repostos necesarios para as reparacións (16270-445) na seguinte orde descendente:

Lote 1

	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
1	TALLERES GARCIA BARREIRO, SL	95,00

Lote 2

	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
1	ÁNGEL LEIRÓS MOTOS, SL	92,00

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TALLERES GARCIA BARREIRO, SL (Lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS, SL (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, para ambos lotes, os licitadores deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ÁNGEL LEIRÓS, SL (Lote 2), o día 1 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 9 de outubro de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 13 de novembro de 2024, comprobada a documentación presentada e o informe do servizo xestor de data 29 de outubro de 2024 acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a, entre outros, ÁNGEL LEIRÓS, SL (Lote 2) para que puidera emendar a documentación relativa á habilitación esixida neste procedemento e a acreditación da solvencia técnica.

Presentada documentación requirida en data 18 de novembro de 2024 e, tendo en conta o informe do servizo xestor de data 28 de novembro de 2024, a documentación que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (42.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (42.000,00 €), figura no expediente certificado de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Xustificación do ingreso do importe da garantía definitiva (4.958,68 €), figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar para o lote 2, ÁNGEL LEIRÓS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ÁNGEL LEIRÓS, SL, para o Lote 2, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, de data 19 de setembro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 27 de setembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ÁNGEL LEIRÓS, SL o lote 2 do procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 120.000,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,45 € euros.*
- b) *A porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios correspondentes ao capítulo nº 1 do Anexo II do PPTP de mantemento e reparación dos vehículos en talleres externos é do 5 % para o lote 2.*
- c) *A porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios do capítulo nº 2 do Anexo II do PPTP de subministro de pezas de recambios é do 5% para o lote 2.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1017).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 42883/220.

Visto o informe de fiscalización de data 13/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, SUBMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, de acordo cos seguintes Lotes:

- *LOTE Nº 1: Prendas ou elementos de uniformidade xeral.*
- *LOTE Nº 2: Roupa de traballo coa condición de EPIs.*
- *LOTE Nº 3: Calzado.*
- *LOTE Nº 4: Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local.*

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas particulares redactado polo Servizo Xestor e asinado polo Técnico de Planificación e Organización de RRHH, o Xefe da Área de Inversións, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación en data do 30 de abril e 2 de maio de 2024 e as fichas técnicas redactadas pola mercantil TRANSDUERO, SL de acordo cos seguintes Lotes:

- *LOTE Nº 1: Prendas ou elementos de uniformidade xeral.*
- *LOTE Nº 2: Roupa de traballo coa condición de EPIs.*
- *LOTE Nº 3: Calzado.*
- *LOTE Nº 4: Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local.*

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de maio de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo dun MILLÓN CORENTA E DOUS MIL EUROS (1.042.000,00 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

CENTO OITENTA MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EIROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (180.842,98 €).

Para o seo financiamento aplícaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo coa seguinte distribución de anualidades.

1320	221.04.00	Vestiario	6.000,00 €
1532	221.04.00	Vestiario Convenio Xunta. Concello	5.000,00 €
1532	221.04.01	Vestiario EPIS	5.000,00 €
1630	221.04.00	Vestiario Epis	3.000,00 €
1650	221.04.00	Vestiario Programas emprego	2.000,00 €
1710	221.04.00	Vestiario persoal	5.000,00 €
2410	221.04.00	Vestiario Programas emprego	39.000,00 €
3420	221.04.00	Vestiario persoal	27.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiario servizos municipais	427.000,00 €
9202	221.04.00	Epis	2.000,00 €
			521.000,00 €

Lotes		2024	2025	Total
LOTE Nº 1	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	115.000,00 €	115.000,00 €	230.000,00 €
LOTE Nº 2	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	91.000,00 €	91.000,00 €	182.000,00 €
LOTE Nº 3	Calzado	50.000,00 €	50.000,00 €	100.000,00 €
LOTE Nº 4	Prendas ou elementos uniformidade específica da Policía Local	265.000,00 €	265.000,00 €	530.000,00 €
		521.000,00 €	521.000,00 €	1.042.000,00 €

Quinto.- *“Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 27 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2024, de TECHNICALUNIFORMS, S.L. (Lote 4) por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	PEYCAR PONTEVEDRA, SL	98,50

- Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	PEYCAR PONTEVEDRA, SL	94,90

- Lote 3

	Licitador	Puntuación total
1	PEYCAR PONTEVEDRA, SL	98,50

- Lote 4

	Licitador	Puntuación total
1	SAGRES,SL	91,90

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, SL (Lotes 1, 2 e 3) e SAGRES,SL (Lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, SL (Lotes 1, 2 e 3) e SAGRES,SL (Lote 4), o 27 de novembro de 2024, que presentan a documentación requirida os días 5 e 10 de decembro e 28 de novembro de 2024, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- PEYCAR PONTEVEDRA, SL (Lotes 1, 2 e 3)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil e o obxecto social, o nomeamento do seu representante. Asemade, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público figura a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran os certificados positivos de débedas coa AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (80.500,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (80.500,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 9.504,13 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

- SAGRES, SL (Lote 4)

- Escritura de constitución da mercantil que contén os estatutos, a escritura de adaptación dos estatutos e a de reelección do representante xunto co DNI do mesmo.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (185.500,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (185.500,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 21.900,83 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEYCAR PONTEVEDRA, SL (Lotes 1, 2 e 3) e SAGRES,SL (Lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEYCAR PONTEVEDRA, SL (Lotes 1, 2 e 3) e SAGRES,SL (Lote 4), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, de datas 21 de novembro de 2024, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 27 de novembro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2024, de TECHNICALUNIFORMS, S.L. (Lote 4) por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, SL o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220) por un prezo total do contrato de 230.000,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.917,36 € euros e coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do lote 1 relacionados no Anexos do PPT é de 0,65 %.*
- b) *A porcentaxe de desconto única a aplicar para a determinación dos prezos unitarios sobre elementos no incluídos nos anexos do PPT, pero pertencentes as mesmas familias de produtos é de 0,65 %.*

Terceiro.- Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, SL o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220) por un prezo total do contrato de 182.000,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.586,78 € euros e coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do lote 2 relacionados no Anexos do PPT é de 2,25 %*
- b) *A porcentaxe de desconto única a aplicar para a determinación dos prezos unitarios sobre elementos no incluídos nos anexos do PPT, pero pertencentes as mesmas familias de produtos é de 2,25 %.*

Cuarto.- Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, SL o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220) por un prezo total do contrato de 100.000,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 € euros e coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do lote 3 relacionados no Anexos do PPT é de 0,35 %.*

- b) *A porcentaxe de desconto única a aplicar para a determinación dos prezos unitarios sobre elementos no incluídos nos anexos do PPTP, pero pertencentes as mesmas familias de produtos é de 0,35 %.*

Quinto.- Adxudicar a SAGRES, SL o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (42883-220) por un prezo total do contrato de 530.000,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 91.983,47 € euros e coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do lote 4 relacionados no Anexos do PPT é de 0,5 %.*
- b) *A porcentaxe de desconto única a aplicar para a determinación dos prezos unitarios sobre elementos no incluídos nos anexos do PPTP, pero pertencentes as mesmas familias de produtos é de 15 %.*
- c) *O compromiso de achegar un sistema de recollida de prendas en desuso para reciclar*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1018).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL (CIIES)". EXPTE. 2059/441.

Visto o informe de fiscalización de data 13/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- b) **Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das cubertas do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) (2059-441)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das cubertas do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) (2059-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL - CIIES - DO CONCELLO DE VIGO", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 24.09.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 41.558,96 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación 2310.632.00.01 (INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN C.S. SOCIAIS), proxecto de gasto 24231002, segundo a distribución de anualidades proposta.

2024	239.458,77 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 27 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das cubertas do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) (2059-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PROSEMA NOROESTE, SL	86,45

	Licitador	Puntuación total
2	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU	83,09
3	CIES OBRA CIVIL SL	67,07

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, SL, o día 28 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 9 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil e o obxecto social, o nomeamento do seu representante. Asemade, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público figura a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran os certificados positivos de débedas coa AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 4, categoría 4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 4, categoría 4.
- Seguro de caución por un importe de 9.339,50 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA NOROESTE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 e 26 de novembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das cubertas do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) (2059-441) por un prezo total do contrato de 226.015,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.225,90 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1019).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DO SOPORTE DE ESPECTÁCULOS, CONCERTOS E OUTRAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2025-2025 E 2025-2026. EXPTE. 10152/106.

Visto o informe de fiscalización de data 17/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades durante a campaña do Nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10152-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e segundo necesidades da prestación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades para as Campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 10/09/2024, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30/10/2024.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 287.587,88 euros (o importe sen IVE é de 237.675,94 €; o IVE é de 49.911,94 euros); dos cales 93.564,60 euros corresponden á anualidade 2024 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

(PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL), 161.501,46 euros á anualidade 2025 e 32.521,82 euros á anualidade do 2026.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades durante a campaña do Nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10152-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, SL	94,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, SL, o día 4 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida os días 9 e 12 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o nomeamento do seu apoderado e os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (166.602,63 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (166.602,63 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do importe da garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FLUGE GALICIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 29 de novembro de 2024, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 4 de decembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FLUGE GALICIA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades durante a campaña do Nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10152-106) por un prezo total do contrato de 287.587,88 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 49.911,94 € euros e coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é dun 1 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1020).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO, COORDINACIÓN E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA CABALGATA DE REIS E COORDINACIÓN DO ENTROIDO. EXPTE. 10318/335.

Visto o informe de fiscalización de data 17/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10318-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10.318-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 7 de novembro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 8 de novembro de 2024, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 3.535,62 euros euros, sendo o valor estimado do contrato de 14.610,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballos Técnicos” e bolsa de vinculación na anualidade de 2025.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10318-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL	81,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL, o día 4 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 12 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos e a escritura de cambio de denominación e domicilio xunto coa escritura de nomeamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (2.474,93 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (2.474,93 €), figura no expediente certificado de boa execución no que o importe do ano 2024 supera esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe de 146,10 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL, de acordo co informes de valoración das proposición avaliadas mediante xuízo de valor, de data 4 de decembro de 2024, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de decembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10318-335) por un prezo total do contrato de 3.535,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 613,62 euros e coa seguinte condición:

- a) *A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 5 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10.- DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 6814/611.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/12/2024, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do servizo de mantemento e implementación do software informático de xestión do Servizo de Deportes (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do servizo de mantemento e implementación do software informático de xestión do Servizo de Deportes (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 8 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do servizo de mantemento e implementación do software informático de xestión do Servizo de Deportes (6.814-611).

Segundo.- O 8 de novembro de 2024 publicouse o anuncio no perfil de contratante.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral só se presentou un licitador: T-INNOVA INGENIERÍA APLICADA, S.A.

Cuarto.- O 26 de novembro de 2024 reuníronse o adxunto ao xefe do Servizo de Deportes-director técnico coa xefa do Servizo de Contratación para a apertura do sobre único segundo o previsto na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Na correspondente acta, tras a apertura do sobre único, fixeron constar:

“A oferta formulouse de acordo co modelo incluído no punto 5 das FEC se ben excede o orzamento base de licitación do apartado 3A (60.308,52 €). Isto é, dado que o contrato contén unha parte fixa e outra variable (esta segunda, en función das necesidades e con orzamento máximo - apartado 3L das FEC), o prezo total do contrato segundo a oferta do licitador sería o seguinte (IVE incluído):

Parte fixa	Parte variable	Importe total
59.845,92 euros	6.588,45 euros	66.434,37 euros

Agora ben, os importes da parte fixa e da parte variable do contrato recóllense na memoria económica pero non no PCAP:

- Memoria económica:

	1 Anualidade		3 anualidades		TOTAL C/IVE
	Gastos Xerais de mantemento (parte fixa)	Gastos variables de implementación e desenvolvemento (parte variable)	Gastos Xerais de mantemento	Gastos variables de implementación de 3,5 xornadas e desenvolvemento	
Total	14.798,92 €	1.815,00 €	44.396,76 €	5.445,00 €	49.841,76 €
IVE	3.107,77 €	381,15 €	9.323,32 €	1.143,45 €	10.466,77 €
Total	17.906,69 €	2.196,15 €	53.720,07 €	6.588,45 €	60.308,52 €

- Apartado 3A das FEC do PCAP:

“3. CONTIDO ECONÓMICO

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 60.308,52 €

- Parte fixa (Mantemento):
- Parte variable (Implementación e desenvolvemento):”

En base ao anterior, a oferta do licitador non sería válida pero consideramos que non procede a súa exclusión porque, aínda que excede do orzamento base de licitación (60.308,52 €), os importes da parte fixa e da parte variable, necesarios para a formulación da oferta, non se contemplaron no apartado 3A das FEC do PCAP.

En consecuencia e, dado que o erro da oferta puido ser provocado pola escuridade do prego que non se pode ser trasladada ao licitador, dáse traslado ao Servizo de Contratación por se procedese tramitar a desistencia deste procedemento segundo o artigo 152 da LCSP (“A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

concorrenza da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun procedemento de licitación”).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da desistencia

A desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración vén regulada no artigo 152 LCSP así como na cláusula 21 do PCAP que rexe esta licitación.

A desistencia deberá fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación e deberá xustificarse a concorrenza da causa no expediente.

A desistencia só poderá acordarse previamente á formalización do correspondente contrato e non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación de conformidade co disposto no devandito artigo 152 LCSP.

O acordo de desistencia notificarase aos candidatos ou licitadores, publicarase no perfil de contratante (artigo 63.3 da LCSP) e no portal de transparencia (artigo 8.1a da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno) e informarase á Comisión Europea desta decisión cando o contrato teña sido anunciado no Diario Oficial de la Unión Europea (artigo 152.1 LCSP).

Así mesmo, segundo o previsto na cláusula 21 do PCAP, compensarase ao licitador polos gastos xustificadas nos que tivese incorrido (artigo 152 LCSP), sen que a indemnización supere en ningún caso a cantidade de 100 euros.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a desistencia do contrato

En aplicación do previsto no artigo 152 da LCSP e á vista da acta de apertura do sobre único asinada o 29 e 30 de novembro de 2024, podemos concluír:

- Dos feitos descritos na acta de apertura queda acreditado que se produciu unha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación do contrato do artigo 145.5 LCSP, por causar escuridade a Administración ao ter incluído no apartado 6 do Anexo I -FEC- criterios que valoran aspectos non detallados no propio prego.

Segundo o citado apartado 6 os criterios de adxudicación son:

1. ***“Redución do prezo da parte fixa do contrato: valorarase con ata 70 puntos***

Para a valoración deste criterio aplicaranse as fórmulas previstas na cláusula 14 deste prego.

2. ***Porcentaxe de desconto a aplicar sobre o prezo unitario que figura no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: valorarase con ata 30 puntos.***

Para a valoración deste criterio aplicaranse as fórmulas previstas na cláusula 14 deste prego”.

Así, pois, valórase a redución da parte fixa do contrato, se ben o importe da parte fixa non se detallou no PCAP, concretamente no apartado 3, relativo ao orzamento base de licitación no que só se indica o importe total, nos seguintes termos:

“3. CONTIDO ECONÓMICO

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 60.308,52 €

Parte fixa (Mantemento):

Parte variable (Implementación e desenvolvemento):”

Este dato, o importe da parte fixa do contrato, contemplouse na memoria económica do contrato pero non se trasladou ao PCAP. Lémbrese que segundo a cláusula 1.2 do PCAP a referida memoria non ten carácter contractual, sendo a prelación de documentos contractuais a seguinte:

- *“As follas de especificacións do contrato (FEC)*
- *Este prego de cláusulas administrativas particulares*
- *O prego de prescricións técnicas*
- *A oferta do adxudicatario*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

- *O documento no que se formalice o contrato*

A falta deste dato puido provocar escuridade no licitador á hora de formular a súa oferta, quen propuxo un prezo que excede do orzamento base de licitación, se temos en conta que ao importe da parte fixa por el proposto hai que engadirle a parte variable, tal e como se detalla na acta de apertura.

No entanto, tal e como se sinala na referida acta *“a oferta do licitador non sería válida pero consideramos que non procede a súa exclusión porque, aínda que excede do orzamento base de licitación (60.308,52 €), os importes da parte fixa e da parte variable, necesarios para a formulación da oferta, non se contemplaron no apartado 3A das FEC do PCAP”*.

Segundo o artigo 145.5b) e c) da LCSP, os criterios *“deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán al órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada”* e *“deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida na que as ofertas cumpren los criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores”*.

En definitiva, dado que todas as condicións do procedemento de licitación deben estar formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio ou no prego co fin de que todos os licitadores razoablemente informados e normalmente dilixentes poidan comprender o seu alcance exacto e interpretalos do mesmo xeito (TCu Informe 1085), e que o apartado 3 do Anexo I -FEC- do PCAP non detallou os importes da parte fixa e da parte variable, recollidos na memoria económica e necesarios para a elaboración da oferta dado que a eles se refiren os criterios de adxudicación, considérase que se produciu unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato.

- A desistencia sería posible porque o contrato aínda non foi formalizado.

-IV-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición. No entanto, de conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VI-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Desistir do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do servizo de mantemento e implementación do software informático de xestión do Servizo de Deportes (6.814-611) polas razóns expostas no precedente informe.

2º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1021).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA O CIRCUÍTO DE CARREIRAS RUNRUNVIGO 2024. EXPTE. 23319/333.

Visto o informe xurídico de data 05/12/2024 e o informe de fiscalización do 16/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/12/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuítio de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais continuar co apoio ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, segue a apostar polo xa consolidado circuíto de carreiras populares na súa edición do ano 2024.

No ano 2024, o proxecto cumpre a súa décimo quinta edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na cidade de Vigo, estará configurado por 12 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2024 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA
Subida ao Castro
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis
Medio Maratón Gran Bahía Vig Bay
Carreira Praia de Samil
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
Vigo Contra el Cáncer
Media Maratón de Vigo
Vigo+11
Carreira solidaria Érguete e corre

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuíto, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuíto os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuíto RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuíto”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuíto.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuíto 2024, cuxa última proba foi celebrada o pasado 03.12.24, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 5.400,00€, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes, xa que non todos/as os/as primeiros/as clasificados/as cumpriron co requisito de participación mínima establecido no regulamento para ter acceso ó premio en metálico:

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
M-1	300,00 €	200,00 €	0,00 €
M-2	300,00 €	0,00 €	0,00 €
M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4	300,00 €	200,00 €	0,00 €
F-5	300,00 €	200,00 €	0,00 €

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún do casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obligación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes:f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€”, non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.

Os créditos necesarios para este expediente se aplicarán con cargo á aplicación 3410.489.00.01, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas foi realizada unha clasificación xeral do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2024” que se anexa ó presente expediente. Comprobase que os e as atletas propostos cumpren co establecido no regulamento do circuíto, do que se desprende que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, ós cales lles corresponde os premios que se indican:

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	11	NOEMI ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	****5942P	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	8	PEREZ GARCIA PICHER ANA	****5052P	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	9	MIGUEZ LAGO JESSICA	7****003C	100,00 €	0,00 €	100,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe liquido
M-1	1º	10	BASTOS DASILVA JOSÉ ALBERTO	36****19A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	8	OTERO AMOEDO ANXO	77****36Q	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	5	*GUTIERREZ GONZALEZ CARLOS ENRIQUE	5**5**80F	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 8 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-2	1ª	12	VILLALBA BARRIOS DELIA	****6260P	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	11	RODRIGUEZ OLIVEIRA ROCÍO	355****1F	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3ª	11	SAMPEDRO GARRIDO JULIA	361****9J	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
M-2	1er	9	FERNANDEZ SOENGAS JESÚS	33****87M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	7	*PEREZ RUBÉN	53179****	0,00 €	0,00 €	0,00 €
M-2	3º	6	*BARGIELA ARAUJO DANIEL	7****328A	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 8 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-3	1ª	9	GALLINAR FERNANDEZ MÓNICA	****3421E	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	11	LEMAT CABRAL MARÍA BELÉN	353*29***	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	12	GONZALEZ CASAL ALEJANDRA	76****39Q	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
M-3	1º	10	PRIETO DE LA IGLESIA MANUEL	11967****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	10	BARREIRO PEREIRA XOSÉ ANTÓN	33****80C	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	10	FERNANDEZ MONZON MARCOS	3611****L	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-4	1ª	10	GALLERO FERNANDEZ MAR	****1957Z	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	7	CARRERA SOUTELO JOSEFA	35**41**R	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-4	3ª	5	ROCHA CRUCES MARÍA CARMEN	35554****	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 6 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1º	12	RIVEIRO RODRIGUEZ ARLINDO	39155****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	12	TABOADA GONZALEZ RAMIRO	360****5M	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	8	FUERTES SAAVEDRA ANTONIO	0****475H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	12	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	*6****832J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-5	2ª	12	ALVAREZ DOMINGUEZ ROSA M.	36****20V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-5	3ª	4	*FERNANDEZ PAZOS LUZ	****5850F	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 6 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1º	10	SUAREZ MARTINEZ MANUEL	36****31J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	11	PEREZ PASCUAL MANUEL	349****5A	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	9	JARDON LOPEZ JOSÉ	10****95V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuío rematou o pasado día 03.12.24 coa celebración da derradeira proba, formúlase a presente proposta ao obxecto de aprobar os pagos dos importes vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuío de Carreiras RunRunVigo 2024”.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 5.400,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuío de Carreiras RunRunVigo 2024” co desglose detallado na táboa adxunta, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	11	NOEMI ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	****5942P	300,00 €	0,00 €	300,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

F-1	2ª	8	PEREZ GARCIA PICHER ANA	****5052P	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	9	MIGUEZ LAGO JESSICA	7****003C	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe liquido
M-1	1º	10	BASTOS DASILVA JOSÉ ALBERTO	36****19A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	8	OTERO AMOEDO ANXO	77****36Q	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	5	*GUTIERREZ GONZALEZ CARLOS ENRIQUE	5**5**80F	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 8 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-2	1ª	12	VILLALBA BARRIOS DELIA	****6260P	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	11	RODRIGUEZ OLIVEIRA ROCÍO	355****1F	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3ª	11	SAMPEDRO GARRIDO JULIA	361****9J	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
M-2	1er	9	FERNANDEZ SOENGAS JESÚS	33****87M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	7	*PEREZ RUBÉN	53179****	0,00 €	0,00 €	0,00 €
M-2	3º	6	*BARGIELA ARAUJO DANIEL	7****328A	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 8 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-3	1ª	9	GALLINAR FERNANDEZ MÓNICA	****3421E	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	11	LEMAT CABRAL MARÍA BELÉN	353*29***	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	12	GONZALEZ CASAL ALEJANDRA	76****39Q	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
M-3	1º	10	PRIETO DE LA IGLESIA MANUEL	11967****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	10	BARREIRO PEREIRA XOSÉ ANTÓN	33****80C	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	10	FERNANDEZ MONZON MARCOS	3611****L	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-4	1ª	10	GALLERO FERNANDEZ MAR	****1957Z	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	7	CARRERA SOUTELO JOSEFA	35**41**R	200,00 €	0,00 €	200,00 €

F-4	3ª	5	ROCHA CRUCES MARÍA CARMEN	35554****	0,00 €	0,00 €	0,00 €
-----	----	---	---------------------------	-----------	--------	--------	--------

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 6 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1º	12	RIVEIRO RODRIGUEZ ARLINDO	39155****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	12	TABOADA GONZALEZ RAMIRO	360****5M	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	8	FUERTES SAAVEDRA ANTONIO	0****475H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	12	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	*6***832J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-5	2ª	12	ALVAREZ DOMINGUEZ ROSA M.	36****20V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-5	3ª	4	*FERNANDEZ PAZOS LUZ	****5850F	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 6 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1º	10	SUAREZ MARTINEZ MANUEL	36****31J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	11	PEREZ PASCUAL MANUEL	349****5A	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	9	JARDON LOPEZ JOSÉ	10****95V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

O pago dos importes correspondentes a cada deportista serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1022).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO “PROGRAMA MUNICIPAL ACHÉGATE AO DEPORTE”. EXPTE. 7073/611.

Visto o informe xurídico e dilixencia do 05/12/2024 e 18/12/2024, respectivamente, e o informe de fiscalización do 17/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2024, asinado polo técnico de Deportes, o adxunto á xefatura do Servizo de Deportes- director técnico, o xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 7 de Xullo de 2023 prestou a probación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2023-2027” as bases de selección de proxectos, e o Convenio marco de colaboración (expediente número 5692/611)

Ao abeiro de dito programa seleccionadas 62 entidades (expte 5692/611) procedendo en data 30.09. 2023 a formalización dos convenios coas entidades.

No texto do Convenio asinado con todas as entidades, se detalla na cláusula Sexta que “*O Concello de Vigo aportará a entidade coa que asina o convenio, como colaboración a financiamento das necesidades da escola, as cantidades establecidas no Programa Municipal de Escolas deportivas aprobado, en función do tipo de escola ou actividade a desenvolver. As cantidades mensuais que correspondan serán aboadas previa certificación ca distribución do 1o período de Outubro a Decembro e un 2º período de Xaneiro a Maio*”

A achega económica da Concellería de Deportes con relación o cumprimento deste estará supeditada o crédito máximo establecido para a totalidade dos grupos do programa municipal de escolas deportivas.

Proposta de modificación.

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración cas entidades deportivas, da cumprimento o marco establecido respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Así mesmo, tanto as entidades deportivas como as federacións aportan unha estrutura consolidada que soamente elas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicións deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorías base.

O Concello de Vigo e as Entidades deportivas teñen por obxecto o desenvolvemento e promoción das modalidades deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispoñendo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento do Programa.

Na Xunta de Goberno Local en sesión do día 7 de Xullo de 2023 prestou a aprobación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2023-2027” cunha achega a entidades deportivas integrantes do mesmo de 8 €/inscrito/mes e 160 €/modulo/mes.

A partida do Programa Municipal de escolas deportivas aumentouse en 50.000,00 € para poder asumir este incremento do importe as Entidades Deportivas e os gastos xerais derivados do

mesmo no orzamento deste ano 2024. O importe ata o programa 2016-2017 foi de 5,20 € inscrito/mes, dende Outubro de 2016 foi de 6 € inscrito/mes e no 2022-2023 un aumento a 8 € inscrito/mes, esta proposta a 10 € inscrito/a mes está en relación co aumento dos custos, Ipc, coordinación e xestión da actividade docente ou material deportivo adicional. A non realización de este aumento de importes as Entidades deportivas está sendo limitante a hora de poder dar cobertura a actividade deportiva coas garantías precisas, o Programa está perdendo eficacia e as entidades deportivas teñen dificultades para asumir o número de inscritos que se plantexan no mesmo, polo que non se están acadando as posibilidades de capacidade máxima do Programa nin a posibilidade de inclusión de novas modalidades e Entidades Deportivas. Nos convenios asinados coas entidades deportivas detállase na cláusula novena que “A aportación do Concello de Vigo é parcial e pode non cubrir o total da actividade, polo que é a entidade deportiva a que debe asumir os gastos precisos para unha correcta organización e realización das actividades. A entidade deportiva é a responsable de que as actividades deportivas desenvolvidas se realicen cos criterios e as normas recollidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas “ polo que este incremento tampouco suporía a cobertura total da actividade, pois está limitado pola partida orzamentaria da que se dispoñe no orzamento 2024.

Proponse unha modificación dos importes a 10 €/inscrito/mes e 200 €/módulo/mes o que supoñerá un aumento de esta achega as entidades deportivas.

PROPOSTA MODIFICACIÓN	Programa aprobado	Proposta de Modificación
Achega a Entidades deportivas por cada inscrito individual	8 €/ inscrito / mes	10 €/ inscrito / mes
	160 € / módulo / mes	200 € / módulo / mes
-Coordinación de evento deportivo no proxecto “gran organiza” e “pequeno organiza”	2.500 €/ por evento deportivo gran organiza,	3.000 €/ por evento deportivo gran organiza,
	1.000 €/ por evento pequeno organiza.	1.500 €/ por evento pequeno organiza.

O Programa Municipal de Escolas Deportivas 2023-2027 foi aprobado cunha estimación de 4848 inscritos no seu primeiro ano 2023.

	Capacidade Máxima do Programa	Inscritos Reais	Situación do Programa. Aumento previsto de instalacións deportivas.
2023-2024	4900	4848	
2024-2025	5200	5.250*	O campo de Travesas de fútbol provoca aumento de inscritos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

2025-2026	5300		O pavillón de Bouzas provoca aumento de inscritos.
2026-2027	5400		Estimación de previsión.

* número que aumenta mensualmente pois está aberta a inscrición.

Estas capacidades máximas para os períodos das anualidades do programa estimáronse en función das instalacións deportivas municipais e a progresión anual do mesmo. A inscrición real ano tras ano aumenta por estes motivos.

Na proposta económica aprobada no programa 2023-2027 o 7 de Xullo de 2023 en xunta de goberno, aparece un orzamento para o 2024 na partida 3420.226.09.01 de 400.000,00 €, e con data 16/5/24 realízase un Rc con número de operación 12024000090526 por importe de 360.000,00 € que corresponden os gastos de convenios, e a os gastos xerais de 40.000,00 €.

O presuposto aprobado para este ano foi de 450.000,00 € na partida 3420.226.09.01. Esta proposta de modificación ten cabida no orzamento actual de deportes para ano 2024 con cargo aos créditos dispoñibles na partida 3420.226.09.01 de 50.000 € e o RC número 12024000090526 cun saldo de 130.690,98 €, o que fai un total de 180.690,98 €. Sendo o gasto necesario para o último trimestre do ano 2024 de 170.890,00 €

Estímanse as capacidades máximas de inscritos en cada período cun pago de 10 €/inscrito mes e 200 € módulo/mes, establecendo unha previsión de gasto do Programa 2023-2027, coas seguintes cantidades para o ano 2024, 2025, 2026 e 2027:

Presuposto		2024	2025	2026	2027	
3420.226.09.01		450.000,00 €	500.000,00 €	510.000,00 €	332.000,00 €	
convenios total		391.440,00 €	477.000,00 €	487.000,00 €	309.000,00 €	
material		55.560,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	
promoción		3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	
Total		450.000,00 €	500.000,00 €	510.000,00 €	332.000,00 €	
Inscritos máximo		4.848 inscritos	5.250 inscritos	5.300 inscritos	5.400 inscritos	
Programa		2023-2024	2024-2025	2025-2026	2026-2027	
Anualidade do programa		1 anualidade	2 anualidade	3 anualidade	4 anualidade	

Gastos en Convenios coas Entidades deportivas.

Para o Programa Municipal de Escolas deportivas 2023-2027 propoñense as importacións económicas seguintes:

-Escolas programa anual	10,00 €/alumno mes.
-Módulos grupos especiais	200,00€/mes
-Coordinación de evento deportivo no proxecto “gran organiza” e “pequeno organiza”	3.000 €/ por evento deportivo gran organiza, 1.500 €/ por evento pequeno organiza.

Para a realización dunha previsión, e tendo en conta que a inscrición pode aumentar con motivo da solicitude de novas modalidades deportivas, a posible inclusión de instalacións deportivas que están pechadas actualmente, e estarán abertas na próxima tempada como o campo de fútbol de Travesas ou o Pavillón de Bouzas, ou aumento de entidades deportivas solicitantes, o importe establecido en convenios é un máximo de **391.440,00 €**, estímase una capacidade máxima de **5.250 inscritos** para o programa 2024-2025, número que que podería incrementarse ou reducirse en función do importe máximo dos convenios.

A entidade deportiva é a responsable de que as actividades deportivas desenvolvidas se realicen cos criterios e as normas recollidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas, estes pagos non supoñen a cobertura total da actividade, pois está limitado pola partida orzamentaria da que se dispoña en cada orzamento en vigor.

Gastos Xerais do Programa

O apartado de custos xerais para o Programa 2023-2027 (publicidade, material deportivo) serán estimados para poder asumir os gastos que se xerarán para poder manter un programa eficaz e eficiente, prestando a cobertura necesaria de material, seguridade e publicidade do mesmo. Estes importes estimativos estarán supeditados os trámites de licitación de cada un de eles.

Nos presupostos do ano 2024 a partida do Programa de Escolas 3420.226.09.01 e de **450.000,00 €**. O custe estimado de gastos en convenios de **391.440,00 €**, e un total de **58.560,00 €** para os gastos xerais.

Proponse a seguinte previsión de gastos en función da tempada proposta nesta memoria, tendo en conta que sempre é unha previsión estimativa que pode sufrir variacións en función da demanda que exista, e entendendo que o número estimado máximo de inscritos que tería o programa é de **5.250 inscritos** para a segunda anualidade do programa. O total das certificacións relativas a estes convenios e gastos xerais non poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria, un aumento do gasto en convenios suporá unha redución nos importes destinados a gastos xerais do programa ou un aumento nos gastos xerais do programa podería supoñer unha redución nos importes destinados a convenios.

Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas orzamento de gasto ano 2025. Programa 2025-2026. (3º ano de programa)

Estimase incrementar o presuposto de gasto no programa municipal de escolas deportiva, polo aumento de modalidades deportivas, instalacións deportivas que provocará un aumento de inscricións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

O total das certificacións relativas a convenios e gastos xerais non poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria, un aumento do gasto en convenios suporá unha redución nos importes destinados a gastos xerais do programa ou un aumento nos gastos xerais do programa podería supoñer unha redución nos importes destinados a convenios. A modificación do importe en Convenios podería provocar unha modificación no número máximo de inscritos dispoñible no Programa, que este ano terá una capacidade máxima prevista de **5.300 inscritos**.

O gasto que se establece para o orzamento de gasto **ano 2025** é de **500.000,00 €**. O custe estimado de gastos en convenios de **477.000,00 €**, e un total de **23.000,00 €** para os gastos xerais.

Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas orzamento de gasto ano 2026. Programa 2026-2027. (4º ano de programa e derradeiro)

Estimase incrementar o presuposto de gasto no programa municipal de escolas deportiva, polo aumento de modalidades deportivas, instalacións deportivas que provocará un aumento de inscricións.

O total das certificacións relativas a convenios e gastos xerais non poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria, un aumento do gasto en convenios suporá unha redución nos importes destinados a gastos xerais do programa ou un aumento nos gastos xerais do programa podería supoñer unha redución nos importes destinados a convenios. A modificación do importe en Convenios podería provocar unha modificación no número máximo de inscritos dispoñible no Programa,, que este ano terá una capacidade máxima prevista de **5.400 inscritos**.

O gasto que se establece para o orzamento de gasto **ano 2026** é de **510.000,00 €**. O custe estimado de gastos en convenios de **487.000,00 €**, e un total de **23.000,00 €** para os gastos xerais.

Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas orzamento de gasto ano 2027. Programa 2026-2027. (Período do 1 Xaneiro o 30 de setembro de 2027 - 4º ano de programa e derradeiro)

Estimase incrementar o presuposto de gasto no programa municipal de escolas deportiva, polo aumento de modalidades deportivas, instalacións deportivas que provocará un aumento de inscricións.

O total das certificacións relativas a convenios e gastos xerais non poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria, un aumento do gasto en convenios suporá unha redución nos importes destinados a gastos xerais do programa ou un aumento nos gastos xerais do programa podería supoñer unha redución nos importes destinados a convenios. A modificación do importe en Convenios podería provocar unha modificación no número máximo de inscritos dispoñible no Programa,, que este ano terá una capacidade máxima prevista de **5.400 inscritos**.

O gasto que se establece para o **ano 2027** no período do 1 de xaneiro o 30 de setembro, data de finalización do programa 2023-2027, é de **332.000,00 €**. O custe estimado de gastos en convenios de **309.000,00 €**, e un total de **23.000,00 €** para os gastos xerais.

ACORDO

Primeiro: Aprobar a modificación do programa municipal de escolas deportivas aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 7 de Xullo de 2023 onde se establecía un pago as entidades deportivas integrantes de 8 € alumno/inscrito/mes e 160 €/módulo/mes, modificando estas cantidades a 10 € alumnos/inscrito/mes e 200 €/módulo/mes, e onde se establecía un importe de 2.500 € por realización de evento gran organiza e 1.000 por pequeno organiza, modificándose a 3.000 € e 1.500 € respectivamente.

Segundo.- Aprobar a modificación do gasto previsto para o ano 2024 no programa de escolas deportivas 2024-2025, aprobado en xunta de goberno local de 7 de Xullo de 2023. Con importe de 450.000,00 €, dos cales 391.440,00 € destinanse para convenios e 58.560,00 €. Para financiar este gasto, realízase con cargo os créditos dispoñibles na partida 3420.226.09.01, que a data 13 de decembro de 2024 son de 50.000 € e no RC número 12024000090526 cun saldo de 130.690,98 €, o que fai un total de 180.690,98 €. Sendo o gasto necesario para o último trimestre do ano 2024 de 170.890,00 €

	Partida	Gastos xerais	Convenios	Total Estimación Gasto	Total ano
2024 (Do 1/01/2024 o 31/12/2024)	3420.226.09.01	58.560,00 €	391.440,00 €	450.000,00 €	450.000,00 €

Terceiro.- Aprobar a modificación do gasto previsto para o ano 2025, 2026 e 2027 no programa de escolas deportivas financiándose con cargo a partida 3420.226.09.01, sendo o detalle o seguinte, segundo o cadro adxunto.

	Partida	Gastos xerais	Convenios	Total Estimación Gasto	Total ano
2025 (Do 1/01/2025 o 31/12/2025)	3420.226.09.01	23.000,00 €	477.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €
2026 (Do 1/01/2026 o 31/12/2026)	3420.226.09.01	23.000,00 €	487.000,00 €	510.000,00 €	510.000,00 €
2027 (Do 1/01/2027 o 30/09/2027)	3420.226.09.01	23.000,00 €	309.000,00 €	332.000,00 €	332.000,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1023).- RESOLUCIÓNS DO RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2023-2024:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

A) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR A.AGUIAR ENRÍQUEZ. EXPTE. 98263/332.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);

- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicitudes. (...)

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

2.- A base quinta das aprobadas pola Xunta de Goberno Local recolle os requisitos que deben cumprir as solicitudes para estas axudas, entre as que se inclúe a seguinte:

“b) Que o/a solicitante conviva cos/coas alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).”

3.- Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

4.- En datas 04/12/2023, D. M. Aguiar Enríquez, con DNI ***5016**, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Secundaria Obrigatoria, xunto coa documentación preceptiva do procedemento para beneficiarios da convocatoria do curso anterior: copia do seu documento nacional de identidade (expediente 68776/332).

5.- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

“PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘PI extr. Axudas familias con fillos escolarizados’.

SEGUNDO.- Requirit aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)”

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. M. Aguiar Enríquez non hai ningún alumno que cumpra os requisitos da convocatoria, toda vez que non figura acreditado o requisito do empadramento da solicitante coa menor pola que solicita a axuda.

6.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

“SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados’.

TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).”

No Anexo 5, publicado o 20/05/2024, figura que a solicitude de Dna. M. Aguiar Enríquez non quedou emendada, por non quedar acreditado o requisito de convivencia entre solicitante e menor.

7.- En data 26/07/2024, Dna. M. Aguiar Enríquez presenta un escrito (documento 240230953), no que achega documentación para completar a súa solicitude, escrito que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio. A solicitante achega declaración responsable asinada por ela e polo pai da menor pola que se solicita a axuda, na que ambos manifestan que a solicitante convive coa menor, que están de acordo en que sexa a nai a solicitante da axuda e que o pai non é nin



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

solicitante nin beneficiario das axudas; este último extremo compróbase de oficio polo Servizo de Educación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta cumprir os requisitos para ser beneficiaria destas axudas.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

“b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).”

A base oitava recolle entre a documentación a presentar xunto coa solicitude: *“f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor.”*

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da

Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona M. Aguiar Enríquez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por considerarse acreditado o cumprimento do requisito de convivencia da solicitante co menor polo que se solicita a axuda.

Segundo.- Conceder a Dna. M. Aguiar Enríquez NIF ***5016**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

Terceiro.- Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR L PÉREZ LORENZO. EXPTE. 98095/332.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);

- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicitudes. (...)"

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

2.- Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

3.- En data 16/01/2024, D. L. Pérez Lorenzo, con DNI ***6187**, presenta solicitude polo seu fillo matriculado en Educación Secundaria Obrigatoria (expediente 98094/332) pero, esta solicitude non se incorporou ao aplicativo informático de xestión destas axudas, polo que quedou sen tramitar.

4.- A base décimo segunda das devanditas Bases recolle no seu punto segundo que "tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, á medida que avance o proceso de verificación".

5.- En consonancia co anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

"PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'PI extr. Axudas familias con fillos escolarizados' (...)"

6.- Posteriormente e unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'PI extr. Axudas familias con fillos escolarizados'.

SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)”.

7.- En data 08/04/2024, D. L. Pérez Lorenzo presenta escrito de reclamación, que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2024, toda vez que a súa solicitude de axuda non aparece nas listaxes publicadas ata o momento.

8.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

“SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados’.

TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).”

9.- A solicitude presentada por D. L. Pérez Lorenzo non figura en ningún dos cinco anexos publicados, toda vez que non se tivo en conta para a súa tramitación, polo que procede a tramitación da mesma ao cumprir os requisitos da convocatoria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas polo interesado, quen manifesta que presentou a correctamente a súa solicitude obtendo o correspondente código de solicitude.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación , sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que o solicitante presentou a súa solicitude en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por don L. Perez Lorenzo, NIF ***6187** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2024, por canto non se ten en conta a solicitude presentada polo interesado, sendo procedente a concesión da axuda ao cumprir a solicitude cos requisitos esixidos e terse presentado en forma e prazo.

Segundo.- Conceder a D. L. Perez Lorenzo, NIF ***6187**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por el solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados), ao ter presentado en forma e prazo a súa solicitude.

Terceiro.- Notificar ao interesado o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR S. CASTELLANO URRIBARRI. EXPTE. 98326/332.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);

- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicitudes. (...)

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

2.- Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

3.- En data 23/01/2024, Dna. S. Castellano Urribarri, con DNI ***8093**, presenta solicitude polo seu fillo, matriculado en Educación Secundaria, xunto co seu Documento Nacional de Identidade (expediente 79991/332), pero non achega o resto de documentación obrigatoria no procedemento.

4.- Tras o período de verificación das solicitudes, o 22/03/2024, a Xunta de Goberno Local acorda, entre outros:

“PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'PI extr. Axudas familias con fillos escolarizados.

SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP."

No Anexo 3, figura que na solicitude de Dna. S. CASTELLANO URRIBARRI falta a documentación requirida (libro de familia).

5.- En datas 02/02 e 28/02/2024, Dna S. Castellano Urribarri presenta escrito xunto coa documentación necesaria para a comprobación dos requisitos de cumprimento que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2024.

6.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados'.

TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas polo interesado, quen manifesta que presentou a documentación a el requirida para subsanación.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que o solicitante presentou a súa solicitude en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona S. Castellano Urribarri NIF ***8093** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2024, por canto non se ten en conta a documentación presentada pola interesada, sendo procedente a concesión da axuda ao cumprir a solicitude cos requisitos esixidos e terse presentado en forma e prazo.

Segundo.- Conceder a Dna. S. Castellano Urribarri NIF ***8093**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

Terceiro.- Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1024).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PUBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA PARA O ANO 2025. EXPTE. 98552/332.

Visto o informe de fiscalización de data 12/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/12/2024, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos”, artigo 126 “Composición Consello Escolar” e artigo 127 “Competencias Consello Escolar”; vixentes despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE) pola que se modifica a LOE.

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88) e demais disposicións legais vixentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento, conservación e vixilancia dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un Concelleiro/a ou representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público, segundo o artigo 126 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de marzo de Educación (LOE), vixente despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE) pola que se modifica a

LOE. Estes representantes municipais nos consellos escolares dos centros públicos de educación infantil, primaria e secundaria, desempeñarán as atribucións e competencias que están establecidas no artigo 127 da LOE, vixente despois da entrada en vigor da LOMLOE.

Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respecten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMLOE e dos Decretos desenvolvidos con posterioridade.
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMLOE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria, é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado ás tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións da concelleira delegada de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos aos servizos de Educación, Benestar Social, Xuventude, Festas, Vías e Obras, Administración de Tributos e Dirección de Ingresos, polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B e C quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D e E quedando



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

establecidas en 36,72.-€, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo, e normativa de concordante aplicación.

As asistencias aos Consellos Escolares de centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2025. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2025, serán aplicados con cargo á bolsa de vinculación da partida orzamentaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do presuposto de 2025. O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF ***0480**) Pertence ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CEIP Illas Cíes.
3. CEIP Escultor Acuña.
4. CEIP Seis do Nadal.
5. CEIP Pintor Laxeiro.
6. IES Alexandre Bóveda.
7. IES Alvaro Cunqueiro.
8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

VICTOR MARTÍNEZ OYA (NIF ***8479**) Pertence ao grupo C1

1. E.E.I Vilalaura
2. CEP Doutor Fléming.
3. IES O Castro.
4. E.E.I Cristo da Victoria.
5. CEP Celso E. Ferreiro.
6. IES Politécnico.
7. IES Sta. Irene.
8. IES Sto. Tomé Freixeiro.

ZONA 3.

VANESA RODRÍGUEZ PÉREZ (NIF ***2479**) Pertence a grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
4. Escola Infantil Municipal Bembrive.
5. E.E.I. Palencia.

6. E.E.I. Monte da Guía.
7. CEIP Canicouva- Pereiró.

ZONA 4.

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF ***5864**) Pertence ao grupo C1

1. CEIP Frián-Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Berbés.
4. IES ROU (Rosais I).
5. IES Rosais 2.
6. CEIP Ría de Vigo.

ZONA 5.

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF ***9165**) Pertence ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I Hernán Cortés.
5. CEIP Candeán Igrexa.
6. CEIP Candeán Fonteescura.

ZONA 6.

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF ***6707**) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. IES Carlos Casares.
6. CEE Saladino Cortizo.

ZONA 7.

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF ***9755**) Pertence a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Carballal (Cabral).
3. IES Castelao.
4. IES Ricardo Mella.

ZONA 8.

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF ***6911**) Pertence a grupo A2

1. CEIP Sobreira-Valadares.
2. CEIP Coutada-Beadé.
3. CEP Valadares Igrexa.
4. EEI Monte do Alba.

ZONA 9.

IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: ***3259**) Pertence a grupo C2

1. CEIP Balaídos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

2. CEIP Vicente Risco.
3. CEIP Altamar.
4. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 10.

JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF ***9778**) Pertence a grupo C2

1. CEIP Coruxo Carrasqueira.
2. CEIP A Paz Tintureira.
3. CEIP Sárdoma Moledo.
4. CEIP Mestres Goldar.
5. IES Coruxo Carrasqueira.
6. IES Beade.

ZONA 11.

NURIA MÉNDEZ LEMA (NIF ***1656**) Pertence a grupo C1

1. CEP Santa Tegra.
2. CEIP San Salvador.
3. IES Teis.
4. IES A Guía.

ZONA 12.

FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ (NIF ***5678**) Pertence a grupo C2

1. CEIP García Barbón.
2. CEIP Lope de Vega.
3. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
4. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.
5. IES Valadares.

ZONA 13.

ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ (NIF ***5912**) Pertence a grupo C1

1. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
2. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
3. CEIP Otero Pedraio.
4. CEIP Josefa Alonso.
5. CEIP Valle Inclán.

ZONA 14.

BEGOÑA CABAILEIRO VILLANUEVA (NIF ***2375**) Pertence a grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Marta – Praza Industria.
2. Escola Infantil Municipal Costeira.
3. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
4. Escola Infantil Municipal Bouzas.
5. Escola Infantil Municipal Navia.
6. E.E.I Valadares.
7. CEIP Navia A. R. Castelao.
8. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos B e C e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos D e E, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2025.

A previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de **14.000,00 euros**, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.0000 do orzamento de 2025.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1025).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTINUIDADE DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Visto o informe de fiscalización do 09/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/12/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“1º. A continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 ñá UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.

2º. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de outubro ao 30 de novembro de 2024 polo importe máximo de 35.331,88 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.

II. O estado actual de tramitación do expediente 3891-321, fai inviable que o inicio da execución do novo contrato se produza dentro do prazo previsto logo da declaración de continuación do contrato (01 de decembro de 2024), isto é, antes do día límite establecido na autorización do gasto para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo; constando practicadas as seguintes actuacións:

1.- En data 14/10/2024 emítase informe polo servizo xestor en resposta ás consultas formuladas con respecto á licitación do expediente de referencia, remitidas polo servizo de Contratación.

2.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de outubro de 2024 realizou a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dos licitadores presentados a este procedemento, procedeuse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

3.- En data 06/11/2024 emitíuse polo servizo xestor informe sobre as declaracións de confidencialidade de dúas das licitadoras admitidas, resultando procedente solicitar aclaración sobre este extremo e indicar, de ser o caso, que aspectos da súa oferta son confidenciais e os motivos que o xustifiquen, non resultando admisibles declaracións xenéricas.

As notificacións foron enviadas en data 11/11/2024, téndose achegado documentación en datas 11 e 13 de novembro de 2024, respectivamente.

4.- O día 31 de outubro de 2024, COMBINA SOCIAL, SL presenta un escrito contra a admisión neste procedemento de NORINTEGRA, SL, alegando que esta licitadora “non é un centro especial de emprego de iniciativa social ou sen ánimo de lucro” e aportando información do buscador de centros especiais de emprego, polo que non procedería a súa admisión neste procedemento.

5.- O día 19 de novembro de 2024 a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local informa á Mesa de Contratación da imposibilidade de emisión do informe relativo ao sobre B motivada polo desenvolvemento dos procesos selectivos de dous programas de emprego que están en marcha (Vigo Emprega 2024 e OE VIGO CAPACITA X).

6.- Na Mesa de Contratación do 20 de novembro de 2024, danse conta das alegacións presentadas por COMBINA SOCIAL, SL, e acórdase en base ao artigo 140.3 LCSP e a cláusula 8.6 do PCAP, dar traslado das alegacións á licitadora NORINTEGRA, SL para que no prazo de 3 días naturais presente as aclaracións e acreditacións que estime oportunas sobre os feitos sinalados pola primeira.

A notificación foi enviada en data 21/11/2024, téndose achegado documentación en data 25/11/2024.

7.- Na Mesa de Contratación do 27 de novembro de 2024 deuse conta de que na normativa existente non se esixe unha cualificación administrativa específica; que queda acreditada a condición de NORINTEGRA, SL como Centro Especial de Emprego de iniciativa social; e non procede, como reclamaba COMBINA SOCIAL, SL no seu escrito de alegacións, a non admisión de NORINTEGRA, SL neste procedemento.

III. A enumeración das actuacións e documentación obrante no expediente permiten verificar que a tramitación deste contrato se planificou con tempo suficiente, recolléndose como contrato a licitar no Plan Anual de Contratación do ano 2024. Así mesmo, que se incoou en prazo axeitado e a súa instrución foi dilixente, se ben a relación das incidencias referidas determinan a necesidade da continuidade do vixente contrato (3725/321) mentres non entre en vigor o expediente do novo contrato, estimada nun período de dous meses (decembro de 2024 e xaneiro de 2025) de xeito que permita rematar a fase de adxudicación e formalización, sen prexuízo doutras incidencias.

IV. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo aos usuarios/os dos servizos municipais que se prestan nestas instalacións (coma os do programa de avellentamento activo promovido polo servizo de Benestar Social) así coma das demais actividades e eventos autorizados a outras entidades sen ánimo de lucro e cidadanía, tanto nos CMD, coma no auditorio e na pista deportiva de Teis.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público indica no seu último parágrafo que *“Non obstante o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se tivese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se teña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.*

Consta autorizada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de setembro de 2024 a *continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 á UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSII CEE, S.L., nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato;* polo que cómpre autorizar o gasto para garantir a continuidade do contrato nos vindeiros meses.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

II. Para o exercicio 2024 contabilizouse documento RC 12024000080561 por importe de 55.954,51 euros, con cargo á partida orzamentaria 9204 2279904 "AT. O. PUBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS", que logo da minoración efectuada en data 24/09/2024 (Documento contable nº 12024000152903, por importe de 35.331,88 €), quedarían 17.665,95 €.

III. Para o exercicio 2025 contabilizouse documento RCFUT 12024000080564 por importe de 223.818,02 €, con cargo á partida orzamentaria 9204 2279904 "AT. O. PUBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS".

IV. O gasto da continuidade do contrato polos meses de decembro de 2024 e xaneiro de 2025 supón un importe total de 35.331,88 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 AT. O PÚBLICO OFICINAS DESCENTRALIZADAS (17.665,95 € no ano 2024 e de 17.665,95 € no ano 2025).

V. Órgano competente:

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local para a autorización do gasto en virtude do disposto no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local .

De conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos e, previo informe de fiscalización da Intervención municipal, en virtude das competencias delegadas mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024 na quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de decembro ao 31 de xaneiro de 2025 por importe de 35.331,88 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1026).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NA “FUNDACIÓN CARLOS CASARES”. EXPTE. 1804/1102.

Sométese a aprobación a proposta de data 17/12/2024, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

Segundo os Estatutos da Fundación Carlos Casares, o Concello de Vigo estará representado xunto con outras institucións no Padroado da Función mediante a designación dun padroeiro (art.10 dos Estatutos).

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar representante do Concello de Vigo no padroado da Fundación Carlos Casares ao Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Fundación Carlos Casares, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as,

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

- .- Extinción da cesión en uso, á federación de asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, da pranta segunda do edificio municipal sito na praza da Princesa nº 7. Expte. 17022/240.
- .- Autorización do gasto derivados dos dereitos de autor dos concertos realizados dende xullo 2020 ata agosto 2023. Expte. 10348/335.
- .- Autorización do gasto derivados dos dereitos de autor dos concertos realizados no ano 2024 polo Servizo de Festas. Expte. 10348/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

17(1027).- EXTINCIÓN DA CESIÓN EN USO, Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO”, DA PRANTA SEGUNDA DO EDIFICIO MUNICIPAL SITO NA PRAZA DA PRINCESA Nº 7. Expte. 17022/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/12/2024, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LR-BRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro do 2004.

INFORME - PROPOSTA:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Por Decreto de data 1/10/2024 da Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, resolveuse incoar expediente administrativo de extinción do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa, otorgado á Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004, por motivo de interese público municipal, a fin de destinalo a Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

Resolución notificada á Federación Veciñal "Eduardo Chao" en data 11/11/2024, na que se lle otorga un prazo de quince días, para que teña vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.

SEGUNDO.- A Federación Veciñal "Eduardo Chao" presenta en data 2/12/2024 escrito de alegacións opoñéndose ao procedemento de extinción incoado, manifestando que non se trata dunha ocupación en precario nin dunha autorización administrativa unilateral, sinon dun convenio bilateral de cesión temporal e gratuito, calificandolo como contrato de comodato, polo que non corespondería a esta administración a resolución do contrato nin acordar unilateralmente a súa extinción. Alega igualmente, a necesidade dunha compensación indemnizatoria, no hipotético caso de que o negocio xurídico obxecto do convenio asinado tivera a consideración de precario, e por outra banda a falta de motivación do interese público invocado como causa da extinción.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O obxecto do presente procedemento administrativo é a extinción do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa, otorgado á Federación Veciñal "Eduardo Chao" pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004, por motivo de interese público municipal, para súa adicación a Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda pola Xerencia Municipal de Urbanismo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

Segun dispon o acordo da Xunta de Goberno Local, a cesión do dereito de uso do local de propiedade municipal otorgouse con carácter gratuito e en precario, polo prazo de 25 anos, e nos termos e baixo as condicións reflectidas nese acordo.

Na clausula 1 punto 5º do documento administrativo de data 11/03/2005 no que formalizouse dito acordo de cesión, establececese as causas de extinción, sinalado ó efecto que a cesión se *extinguirá: polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada ou pola denegación expresa da súa prorroga; pola renuncia da asociación a dita cesión, polo incuprimento dos fins e actividades para os que foi cedida, ou das condicións nas que foi outorgada; pola disolución da asociación, e pola reclamación do ben, feita polo Concello de Vigo cando por motivo de interese público municipal así o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.*

Condicións e termos nos que otorgouse a cesión, conocidas e aceptadas expresamente pola Federación veciñal cesionaria, como así reflicta a clausula 2 de dito documento administrativo: *A Federación Veciñal "Eduardo Chao", acepta a cesión nas condicións que lle foi outorgada, someténdose, no non previsto nelas, o disposto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas e demais disposicións de Dereito administrativo das Entidades Locais e preceptos pertinentes de Dereito privado de aplicación.*

Segundo.- En relación ás alegacións presentadas pola FAVEC o expediente incoado para a extinción dese dereito de uso, procede sinalar o seguinte:

a). Atendendo aos termos nos que acordouse a cesión do dereito de uso do local municipal, non existe dúbida algunha de que efectuouse con carácter gratuito e en precario, polo que carece de fundamento o manifestado pola federación veciñal no seu escrito de alegación respecto a que non se trataba dunha ocupación en "precario". Así desprende do teor literal do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004 como do documento administrativo de data 11 de marzo do 2005 no que formalizouse este, que non deixa outra interpretación que a da precariedade da cesión otorgada.

Cabe facer referencia o respecto, neste caso, o sinalado polo Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 2 de Vigo, na súa sentenza do 25 de novembro do 2021, sobre a condición de precarista de dita federación e a improcedencia da súa equiparación á figura do comodato.

Fundamentos de dereito. Cuarto: Decíamos que la posición jurídica actora frente a la demandada es precaria, nunca mejor dicho, y ahora nos detendre-

mos en este aspecto. Nos preguntamos, a caso existe en el Ordenamiento jurídico una institución, una posición más frágil o débil que la del precario; la respuesta es que no, y solo con esto casi bastaría para desestimar la acción.(...)

Es equivocada la confusión que pretende introducir la demanda al alumbrar su posición con la luz de la figura del comodato (artículos 1741 y siguientes CC), pues no existe esa asociación. El comodato es un contrato real en atención a su perfección y unilateral en cuanto a las obligaciones que dimanen de él, y el precario no es ni siquiera contrato, es una subespecie de comodato pero, como vimos, la doctrina más autorizada lo considera una mera situación de hecho, un estado posesorio.

Es verdad que la situación de la recurrente, precarista de un bien de la demandada se afianza singularmente debido a la existencia de un convenio, (contrato de cesión, se le llegó a denominar) entre las partes, a su formalización en documento público administrativo, en fecha de 11 de marzo del 2005, asegurando una duración de veinticinco años. Pero la vulnerabilidad, o si se prefiere y con mayor rigor, la precariedad de la posición actora no cambia ni por la preexistencia del referido convenio, ni por el hecho de que se hubiese desafectado el carácter demanial de la segunda planta del inmueble, y pase a formar parte del patrimonio privado de la demandada, como sostiene la actora.

La naturaleza de la relación jurídica que une a las partes no se modifica por el hecho de que se hubiese documentado esa atribución del uso, temporal y gratuito, que son sus notas definitorias.

Sin embargo, lo que nos interesa destacar es que ese reconocimiento, la indiscutida e indiscutible existencia de ese derecho a favor de la actora, es compatible con actuaciones de la demandada como la impugnada. Y muestra de ello son las prerrogativas que expresamente se ha reservado la demandada, en los puntos no 7 y 8 de la cláusula 1 del instrumento de formalización en documento público administrativo, de fecha de 11 de marzo del 2005, pues, por ejemplo, el Concello de Vigo, tiene la facultad de, en el momento en que así lo determine, decidir que se comparta el uso de la planta segunda del inmueble del no 7, de la plaza de la Princesa, de Vigo, o su disfrute compartido por cualquier otra entidad análoga a la actora. Y lo decisivo para la solución del presente litigio es que, a tenor del referido clausulado, estas decisiones puede tomarlas la demandada "no momento en que así o determine", sin sujeción por tanto, a requerimiento previo, o cualquier otra condición.

La actora no se halla en una posición jurídica asimilable a la del arrendatario que, por ejemplo, le facultase a exigir de la propiedad que le realojase en tanto se desarrollen las obras que fuera necesario acometer en el inmueble, en términos análogos a los que la actora ha pedido a la demandada y reitera ahora en sede jurisdiccional al incluir esa pretensión como condena de la demandada.

Polo tanto, tratase dun negocio xuridico patrimonial de cesión de uso dun imoble municipal, de carácter temporal e gratuito, e con clausula de precario, no que esta administración reservouse a facultade tanto de modificación das condicions de uso, como a de extinguir dita cesión por motivos de interes público municipal, como acontece no presente caso, resultando competente para sua resolución en via administrativa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

b). A necesidade, de dar resposta a demanda da Xerencia Municipal de Urbanismo, de dispoñer da totalidade da superficie da pranta segunda do edificio municipal sito na Praza da Princesa no 7 para sua adicación á Oficina municipal de Rehabilitación da Vivenda, xustificada o interes publico municipal na extinción do dereito de uso otorgado a FAVEC, que se atopa suficientemente motivado nos informes emitidos polos Servizos Centrais da XMU o 28/7/2023 e 24/07/2024, así como no informe técnico redactado polo arquitecto municipal da XMU, e incorporados ó expediente, do que se lle deu traslado a federación interesada.

Na suas alegacións, a federación veciñal manifesta unha falta de motivación do interes publico invocado pola administración, estimando que a Oficina de Rehabilitación xa contaba cun local na Praza da Princesa suficiente para a prestación do servizo, e que a actual oficina situada na Subida ao Castelo n.º 10 que veñe ocupando foi rehabilitada e acondicionadas para dito fin considerandoa idonea para o desenvolvemento da actividades, polo que non resultaria necesario a ocupación da segunda pranta do edificio da Praza da Princesa.

Os informes emitidos pola XMU veñen a desvirtuar dita alegación, acreditándose o interes publico municipal en dispoñer do local para sua adicación a oficina de Rehabilitación, ó demandar unha maior superficie polo o incremento dos seus medios persoais e materiais, como consecuencia da ampliación do obxecto do seu contrato, resultando o local, por superficie e ubicación, necesario e idoneo a dita finalidade.

Así resulta do sinalado no informe do arquitecto municipal da XMU: (. . .) - *A Oficina de Rehabilitación ocupaba unha parte do primeiro andar dese mesmo edificio ata que tivo que trasladarse ó edificio municipal sito na Rúa Subida ó Castelo no10 xa que ese primeiro andar, que ocupaba compartindo a superficie co Consorcio do Casco Vello, foi obxecto dunha reforma integral para amplia-la superficie da Unidade Técnico Social do Casco Vello emprazada ata ese intre na planta baixa do edificio. A superficie que ocupaba a Oficina de Rehabilitación acadaba os 100'20 m2 útiles para dar servizo a 4 áreas de rehabilitación na cidade. Daquelas tiña 9 postos de traballo.*

- *Actualmente ocupa os dous andares do edificio municipal sito na Rúa Subida ó Castelo no10 cunha superficie útil de 220'00 m2.*

- *A día de hoxe precísase dimensiona-la superficie desta oficina en base ó persoal do que dispón (12 postos de traballo na actualidade) e á carga de traballo, directamente vencellada ás zonas da cidade nas que teñen intervencións. Das 4 áreas de intervención ás que daba servizo cando a oficina ocupaba o primeiro andar do edificio da Praza da Princesa no7 pasa a día de hoxe a xestionar 8 áreas de intervención e 12 entornos de rehabilitación polo que as necesidades de espazo teñen que ser maiores.*

PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DO SEGUNDO ANDAR DO EDIFICIO DE PRAZA DA PRINCESA No7

Para estima-la superficie de uso administrativo que precisa esta oficina adaptándoa ás características do espazo existente no segundo andar do edificio da Praza da Princesa no7 plantexouse unha proposta de redistribución dese espazo tendo en conta as necesidades da oficina.

Para elo plantexouse a disposición dunha zona de atención a público con dous postos de traballo na zona de acceso dende o núcleo vertical de comunicacións (ascensor e escaleira principal), unha zona de xestión administrativa con 10 postos de traballo, unha pequena zona de reunións, un despacho pechado e os espazos auxiliares necesarios para este tipo de actividade (aseos de persoal, aseo de público adaptado, almacén material e espazo de instalacións).

Para o amoboamento do espazo empregáronse as dimensións do mobiliario co que conta na actualidade a Oficina de Rehabilitación reservando os anchos habituais para accesos e atención ó cidadán.

Como resultado desta proposta de redistribución, que forma parte deste informe, concluímos que a Oficina de Rehabilitación precisaría ocupa-la totalidade do segundo andar do edificio da Praza da Princesa no7 para poder acolle-lo persoal necesario para a xestión das áreas de intervención e dos entornos de rehabilitación nos que teñen competencias na actualidade.

Ou do informado polos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo: (...) II.- Necesidades actuais.

De acordo cos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo e coas delegacións do Alcalde- Presidente e da Xunta de Goberno Local, esta Xerencia Municipal de Urbanismo exerce de forma permanente, desde a súa creación en 1996, competencias en materia de vivenda. Desde o ano 2000 conta coa xestión externalizada dunha Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda.

Os ámbitos de actuación desta Oficina de Rehabilitación Municipal foron aumentando desde súa creación, especialmente nos últimos anos. Ata mediados de 2021 traballaban xestionando axudas para catro ámbitos: Casco Vello, Bouzas, rúas Moaña e Bueu de Coia e casas de Santa Clara. En xuño de 2021 decláranse catro novas áreas de rehabilitación integral: Beiramar, Espiñeiro-Teis, San Pablo e San Roque. O 23.11.2022 o Instituto Galego de Vivenda e Solo comunicou a este Concello de Vigo a concesión dun financiamento máximo de 6.400.000,00 euros, como participante do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea (fondos Next Generation EU), destinados ós 8 citados ámbitos, máis 4 declarados como “Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada”, que inclúe “Fenosa”, “A Salgueira”, “Gorxa” e o descontinuo “Alcalde Lavadores-Canicouva-Escolas Públicas”.

Desta forma, como mínimo, duplicouse o traballo que viña realizando a Oficina de Rehabilitación ata 2021, o que supuxo:

- A modificación ó alza do contrato que externaliza este servizo: incremento do prezo do 49,14 % en total (dúas modificacións aprobadas en 2022 e 2023).

- A necesidade de dispoñer dunha superficie superior para o funcionamento operativo do servizo: nas dependencias da rúa Subida ó Castelo núm.10 dispón de 220,00 m2, fronte ós 100,20 m2 que ocupaba no primeiro andar do praza da Princesa núm. 9.

- O número mínimo de traballadores que deben prestar servizo é de 10 persoas, aínda que actualmente están prestando servizo 12.

Dado que a empresa adjudicataria do servizo ten prorrogado o seu contrato ata 31.12.2024, con data 23.04.2024 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación do servizo encargado da xestión da Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (expediente 16316/407), para os anos 2025, 2026 e 2027 (con posibilidade de prórroga por dous anos máis).

Nesta contratación do servizo de xestión da Oficina de Rehabilitación da Vivenda prevese que este Concello de Vigo poña a disposición o local onde se desenvolva a súa actividade, considerándose de vital importancia que a súa localización sexa nun lugar accesible e de fácil identificación para os cidadáns que teñen que dirixirse ó mesmo para solicitar información ou realizar trámites. A tal efecto, a Praza da Princesa é o sitio adecuado, toda vez que as actuacións de rehabilitación no Casco Vello son as de máis implantación, sendo ademais o epicentro do término municipal para actuar no resto dos ámbitos. A localización actual na Subida ó Castelo, que ten un carácter provisional, presenta serios problemas: o edificio está mal illado (ten fortes filtracións de auga), é ineficiente enerxeticamente, non é axeitado para o traballo de oficina e presenta unha mala localización, por canto non é un sitio de paso, onde se poida visibilizar as actuacións que requiren a iniciativa e colaboración cidadán.

III.- Conclusión e solicitude.

Por tanto, solicítase o retorno da Oficina Municipal de Rehabilitación da Vivenda ás dependencias municipais, en concreto ao andar segundo (enteiro) do edificio da rúa Princesa núm. 7, para poder seguir desenvolvendo as funcións que esta Xerencia Municipal de Urbanismo ten asignadas.

c). A federación cesionaria plantexa no seu escrito o dereito a unha compensación indemnizatoria facendo referencia a non finalización do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

prazo de cesión. Neste caso, extinguido o dereito de uso, as obras e instalacións executadas revertirán integramente a administración municipal, consonte o sinalado no acordo de cesión adoptado, e sen que se prevea indemnización algunha. Cabe reseñar que atopámonos ante un uso de local municipal realizado pola cesionaria con carácter gratuito e cúa reversión trae causa da extinción dese dereito, por interese público municipal (suposto previsto no acordo de cesión) non apreciándose circunstancias que xustiquen dita compensación que, por outra parte, a cesionaria se limita a formular de xeito xenérico, sen chegar a motivala nin concretar os conceptos que debería comprender.

Terceiro.- A teor do exposto, procede declarar a extinción do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa, otorgado pola Xunta de Goberno Local en data 20 de decembro de 2004 á Federación Veciñal "Eduardo Chao", previa reclamación do ben, por motivo de interese público municipal, a fin de destinalo a Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda da XMU.

Por todo ello, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:

"PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas en data 2 decembro de 2024 pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" ao expediente de extinción do dereito de uso do local sito na planta segundo do edificio n.º 7 da praza da Princesa.

SEGUNDO.- Comunicar á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" a reclamación do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa, otorgado pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004, por motivo de interese público municipal, para seu destino a Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO.- Declarar extinguida, no prazo de tres meses dende a data da notificación do presente acordo á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", a cesión do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa otorgada á dita federación veciñal por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2004, por causa de interese público municipal, de conformidade co disposto no acordo de cesión e no documento administrativo de data 11/03/2005 no que formalizouse este."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1028).- AUTORIZACIÓN DO GASTO DERIVADOS DOS DEREITOS DE AUTOR DOS CONCERTOS REALIZADOS DENDE XULLO 2020 ATA AGOSTO 2023. Expte. 10348/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 19/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/12/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre la materia (LPI)

ANTECEDENTES

No Concello de Vigo, o servizo de Festas da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, é o que ten encomendado entre as súas funcións, os concertos musicais.

En data 30 de xaneiro de 2024, a SGAE presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello, reclamando 327.495,59€ polos dereitos devengados por diversas actuacións artísticas organizadas por este Concello entre xullo de 2020 ata agosto de 2023. Este importe foi modificado en escrito de data 18 de decembro de 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Dos dereitos de autor



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

O artigo 17 do Real Decreto 1/1996, do 12 de abril, determina que corresponde ao autor o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación da súa obra en calquera forma e, en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización, salvo nos casos previstos na presente Lei.

-II-

Da xestión dos dereitos de autor pola Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)

A LPI lexítima as entidades de xestión autorizadas a xestionar os dereitos de autor dos artistas. O artigo 150 da LPI dispón que *“Las entidades de gestión, una vez autorizadas conforme a lo previsto en este título, estarán legitimadas en los términos que resulten de sus propios estatutos, para ejercer los derechos confiados a su gestión y hacerlos valer en toda clase de procedimientos administrativos o judiciales. Para acreditar dicha legitimación, la entidad de gestión únicamente deberá aportar al inicio del proceso copia de sus estatutos y certificación acreditativa de su autorización administrativa. El demandado solo podrá fundar su oposición en la falta de representación de la actora, la autorización del titular del derecho exclusivo o el pago de la remuneración correspondiente”*.

A SGAE é unha sociedade privada de ámbito nacional, autorizada polo Ministerio de cultura como entidade de xestión das previstas no artigo 147 e seguintes do TRLPI. A súa función principal é a xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual. Asemade, representa en España os dereitos de autores estranxeiros a través de convenios de representación recíproca firmados cos entidades de xestión colectivas estranxeiras.

A SGAE asinou un convenio coa Federación Española de Municipios y Provincias, en data 29 de outubro de 1996. No mesmo se fixan as tarifas a cobrar polos dereitos de autor dos espectáculos que celebren, así como bonificacións a aplicar aos municipios que se adhiran ao mesmo, como é o caso de Vigo.

Comprobouse que a proposta de factura presentada é correcta e aplica as tarifas e bonificacións previstas no presente convenio, polo que a xuízo da informante procede o seu aboamento.

O gasto podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación 3380.2260905 “SENTENZA ATRASOS SGAE” do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da Intervención Xeral

(apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-IV-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Autorizar o gasto por importe de 310.019,64 euros en concepto dos atrasos en dereitos de autor derivados da realización dos concertos programados entre xullo de 2020 ata agosto de 2023 polo servizo de Festas, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0905 (Sentenza Atrasos SGAE) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.
2º.- Aboar a SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES (ESG28029643) 310.019,64 euros previa á presentación da factura”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1029).- AUTORIZACIÓN DO GASTO DERIVADOS DOS DEREITOS DE AUTOR DOS CONCERTOS REALIZADOS NO ANO 2024 POLO SERVIZO DE FESTAS. Expte. 10348/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 19/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/12/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre la materia (LPI)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024”, (expediente 9960-335).

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, tras o exame das propostas aprobou unha selección de 11 espectáculos que no seu conxunto comprenden una variedade de estilos que abarcan todos os tipos de públicos.

Terceiro.- Na data 19 de agosto solicitase as promotoras o repertorio e autoría das letras dos concertos celebrados dentro dos espectáculos de verán Vigo 2024 para dar conta á “Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)”

Cuarto.- Unha vez recibida a documentación, o 18 de outubro trasládase ao representante da SGAE para o cálculo do gasto devindicado polos dereitos de autor derivados das actuacións artísticas organizadas polo Servizo de Festas durante o ano 2024.

Quinto.- En data 18 de decembro a “Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)”, presentou un presuposto por un importe de 153.971,13 euros (IVE incluído), correspondente aos gastos de dereitos de autor xerados polos concertos artísticos celebrados no ano 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Dos dereitos de autor

O artigo 17 do Real Decreto 1/1996, do 12 de abril, determina que corresponde ao autor o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación da súa obra en calquera forma e, en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización, salvo nos casos previstos na presente Lei.

-II-

Da xestión dos dereitos de autor pola Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)

A LPI lexítima as entidades de xestión autorizadas a xestionar os dereitos de autor dos artistas. O artigo 150 da LPI dispón que *“Las entidades de gestión, una vez autorizadas conforme a lo previsto en este título, estarán legitimadas en los términos que resulten de sus propios estatutos, para ejercer los derechos confiados a su gestión y hacerlos valer en toda clase de procedimientos administrativos o judiciales. Para acreditar dicha legitimación, la entidad de gestión únicamente deberá aportar al inicio del proceso copia de sus estatutos y certificación acreditativa de su autorización administrativa. El demandado solo podrá fundar su oposición en la falta de representación de la actora, la autorización del titular del derecho exclusivo o el pago de la remuneración correspondiente”*.

A SGAE en unha sociedade privada de ámbito nacional, autorizada polo Ministerio de cultura como entidade de xestión das previstas no artigo 147 e seguintes do TRLPI. A súa función principal é a xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual. Asemade, representa en España os dereitos de autores estranxeiros a través de convenios de representación recíproca firmados cos entidades de xestión colectivas estranxeiras.

A SGAE asinou un convenio coa Federación Española de Municipios y Provincias, en data 29 de outubro de 1996. No mesmo se fixan as tarifas a cobrar polos dereitos de autor dos espectáculos que celebren, así como bonificacións a aplicar aos municipios que se adhiran ao mesmo, como é o caso de Vigo. Esta bonificación é dun 25%.

Revisada a proposta de factura presentada advirtese que esta aplica as tarifas e bonificacións previstas no citado convenio. No entanto, inclúe un concerto pendente de revisión entre o Concello e a SGAE, polo que non procede de momento o seu aboamento. Este é o concerto de XOEL LÓPEZ E VETUSTA MORLA, celebrado . En consecuencia, se detrae do importe do proposta de factura o importe correspondente a este concerto, que é de 22.850,14 euros (IVE engadido), resultando que procede aboar euros 131.120,99 euros.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da Intervención Xeral (apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-IV-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar o gasto por importe de 131.120,99 euros en concepto dos dereitos de autor derivados da realización dos concertos programados no ano 2024 polo servizo de Festas, con excepción do concerto de XOEL LÓPEZ E



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1806/1102

VETUSTA MORLA, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas en Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

2º.- Aboar a SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES (ESG28029643) 131.120,99 euros previa a presentación da correspondente factura”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1030).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez